



DATOS IDENTIFICATIVOS

Ética e deontoloxía profesional

Materia	Ética e deontoloxía profesional			
Código	005G110V01902			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Álvarez García, David			
Profesorado	Álvarez García, David			
Correo-e	davidalvarez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	<p>A materia de Ética e deontoloxía profesional tenta ofrecer aos alumnos e alumnas os elementos instrumentais e conceptuais básicos para o achegamento á Ética. Proporcionarlle aos alumnos e alumnas os conceptos fundamentais para a comprensión de textos relacionados coa Ética. Analizar, sintetizar e valorar criticamente as diferentes teorías da Ética propostas no programa e a posibilidade de aplicalas á realidade actual da sociedade e do ámbito educativo. Motivar ao alumnado sobre a importancia que a formación ética poida desempeñar no seu traballo profesional e na formación da súa personalidade.</p>			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
B3	Diseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas do estudiantado, á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos
B4	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles
B5	Reflexionar en grupo sobre a aceptación de normas e o respecto aos demais. Promover a autonomía e a singularidade de cada estudante como factores de educación das emocións, os sentimentos e os valores na primeira infancia
C5	Saber promover a adquisición de hábitos en torno á autonomía, a liberdade, a curiosidade, a observación, a experimentación, a imitación, a aceptación de normas e de límites, o xogo simbólico e heurístico
C6	Coñecer a dimensión pedagóxica da interacción cos iguais e os adultos e saber promover a participación en actividades colectivas, o traballo cooperativo e o esforzo individual.
C12	Promover e colaborar en accións dentro e fóra da escola, organizadas por familias, concellos e outras institucións con incidencia na formación cidadá.
D1	Capacidade de análise e síntese
D3	Comunicación oral e escrita
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D13	Razoamento crítico
D14	Compromiso ético
D15	Aprendizaxe autónoma
D17	Creatividade
D18	Liderado
D19	Coñecemento doutras culturas e costumes
D20	Iniciativa e espírito emprendedor
D21	Motivación pola calidade
D22	Sensibilidade por temas ambientais

Resultados previstos na materia		Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Resultados previstos na materia			
Coñecer os desenvolvementos da psicoloxía evolutiva da infancia nos períodos de 0-3 e 0-6.		D1	
Saber promover a adquisición de hábitos en relación coa autonomía, a liberdade, a aceptación das normas e dos lindes.		B5	C5
Coñecer a dimensión pedagóxica da interacción cos iguais os adultos e saber promover a participación en actividades colectivas, o traballo cooperativo e o esforzo individual.		B3 B4	C5 C6 C12
Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan a educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e interxeneracionais; multiculturalidade e interculturalidade; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sostible.		D1 D14	
Adquirir coñecementos sobre a evolución do pensamento, os costumes, as creencias e os movementos sociais e políticos ao longo da historia.		D12 D13 D19	
Capacidade de analizar e sistematizar a información, e administrar e ser responsable do seu propio traballo.		D1 D6 D13 D14 D15	
Capacidade para investigar, analizar, avaliar e utilizar o coñecemento actual.		D1 D6 D8 D15	
Habilidade básica para defender en público as súas opinións		D3 D17 D18 D20	
Saber distinguir moral e ética, e coñecer os rasgos formais básicos do discurso ético. Coñecer os desafíos máis destacados plantexados á ética como proposta normativa universalizable e as principais directrices metodolóxicas seguidas na resolución de controversias morais. Coñecer as claves para entender e valorar as principais teorías éticas normativas, as dificultades de xustificación de determinados principios morais, así como as claves para entender e valorar destacadas propostas éticas de resolución de conflitos morais que preocupan á sociedade do noso tempo.		D1 D6 D7 D13 D15	
Capacidade para recoñecer e analizar criticamente argumentos éticos de nivel básico e para recoñecer as cuestións esenciais que subxacen ás controversias morais que persisten nas nosas sociedades.		D1 D13 D14	
Capacidade para afrontar autonomamente os problemas que suscitan as teorías éticas e consideralos un reto para a súa propia forma de pensar.		D13 D14 D22	
Capacidade para recoñecer a relevancia e utilidade social da ética e de recoñecer as constantes implicacións éticas que ten a práctica educativa e tomar conciencia das mesmas.		D14 D21	
Capacidade de consolidar unha identidade docente ética, comprometida coa súa rresponsabilidade social no contexto educativo.		D14	
Habilidade para xestionar e resolver conflitos, dilemas e problemas éticos vinculados á tarefa educativa.		D7 D9 D14 D18	
Contribuir á reflexión sobre a autonomía profesional do mestre.		D13 D14	
Contribuir á promoción das melloras prácticas da profesión educativa.		D14	

Contidos

Tema	
I.- Introducción: a formación moral e o eido educativo.	1.- Introducción ás teorías do desenvolvemento moral. 2.- Modelos de educación moral.
II.- Ética e moral: aproximación conceptual.	3.- A moral: bases socio-antropolóxicas da moral. 4.- A Ética: teorías e problemas de fundamentación.
III.- Razóns éticas, razóns para a Ética.	5.- A Ética e os seus lindes. 6.- Deontoloxismo vs. Teleoloxismo. Teorías éticas contemporáneas.
IV.- A Ética Aplicada e a Xustiza Educativa	7.- Introducción ás Éticas aplicadas. 8.- Principios morais e de Xustiza na comunidade escolar: casos prácticos.
V.- Ética, educación e Dereitos Humanos.	9.- Ética da diferenza, do coidado e da dependencia. 10.- Ética e lexitimidade democrática. 11.- A xustiza educativa: ética, cidadanía e desenvolvemento.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Presentación	5	25	30
Estudo previo	5	5	10
Lección maxistral	20	25	45
Seminario	10	0	10
Traballo tutelado	6	24	30
Saídas de estudo	0	8	8
Estudo de casos	5	10	15
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Presentación	Presentación e exposicións dos traballos desenvolvidos individualmente e/ou en grupo
Estudo previo	Repaso e estudo das nocións introducidas nas sesións teóricas e seminarios. Lectura e recensión crítica de materiais propostos para a aprendizaxe
Lección maxistral	Método expositivo. Lección maxistral dos contidos teóricos da materia.
Seminario	Resolución de dúbidas que se lle presenten ao alumno/a no proceso de aprendizaxe, e apoio na elaboración dos traballos individuais e/ou en grupo.
Traballo tutelado	Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo sobre algún aspecto do temario titorizados polo profesor/a.
Saídas de estudo	Visita guiada a un centro de referencia internacional en Educación Democrática.
Estudo de casos	Plantexamento e resolución de supostos prácticos que, individualmente e/ou en grupo, deberá desenvolver o alumnado.

Atención personalizada	
	Descrición
Presentación	Titorías en grupo e/ou individuais para a resolución de dúbidas que se lle presenten ao alumnado no proceso de aprendizaxe e na elaboración de traballos.
Seminario	Titorías en grupo e/ou individuais para a resolución de dúbidas que se lle presenten ao alumnado no proceso de aprendizaxe e na elaboración de traballos.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Presentación	Presentación en clase, e discusión. (Mínimo 1 Presentación)	30	D1 D3 D6 D9 D13 D15
Estudo de casos	Estudo, análise e debate sobre casos prácticos vencellados ao temario da materia. (Mínimo 1 Entrega)	40	D1 D3 D6 D13 D15
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame da materia sobre cuestións de relación de contidos e razonamento.	30	D1 D3 D13 D15 D19

Outros comentarios sobre a Avaliación

Segunda convocatoria: *As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico*

Alumnado non presencial: o alumnado que non poida seguir a avaliación continuada (Asistencia do 80% das sesións) realizará unha proba de contidos teóricos (50%) e un comentario de texto (50%) na data oficial do Exame.

As datas oficiais dos exames poden consultar na web da Facultade, no apartado Organización Académica.

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT)

Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para alumnado do curso ponte garantindo, en todo caso, a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi na cal se informará das tarefas e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para alumnado do curso ponte ou profesionais en exercicio.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

GUTTMAN, Amy, **La educación democrática**, 1ª, Paidós, 2001

BLACKBURN, Simon., **Sobre la bondad**, 1ª, Paidós, 2002

MORATALLA, A. Domingo., **Ética para educadores.**, 1ª, PPC, 2008

Bibliografía Complementaria

KOHLBERG, L. et Al., **La Educación Moral según Lawrence Kohlberg.**, 1ª, Gedisa, 1989

NODDINGS, Nel, **La educación moral**, 1ª, Amorrortu, 2009

RANCIÈRE, Jacques, **El maestro Ignorante**, 2ª, Laertes, 2010

NANCY, Jean-Luc, **¿Por qué obedecemos?**, 1ª, Clave Intelectual, 2020

Recomendacións

Outros comentarios

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).